



PLAN DIXITAL

IES Isaac Díaz Pardo

Versión 1.0 xuño 2022

1.	Introdución	4
1.1.	Datos básicos do centro	4
1.2.	Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.....	4
	Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro	4
	Integración e contribución do PD ao Proxecto Educativo	5
	Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23	6
1.3.	Breve xustificación do mesmo	6
1.4.	Proceso de elaboración.....	7
2.	Situación de partida.....	7
2.1.	Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.....	7
	Infraestrutura dixital.....	7
	Equipamento dispoñible.....	7
	Servizos dixitais educativos	9
	Xestión do mantemento do equipamento do centro.....	9
	Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:.....	10
2.2.	Fontes empregadas para a análise DAFO.....	10
	Autoavaliación SELFIE	10
	Test CDD.....	11
	Outras fontes	12
2.3.	Análise DAFO	12
	Internos.....	12
	Externos	14
3.	Plan de Acción	16
3.1.	Obxectivos, indicadores e accións.....	16
	Obxectivo 1	17
	Obxectivo 2	18
	Obxectivo 3.....	19
	Obxectivo 4.....	21
	Obxectivo 5.....	22
3.2.	Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas	24
4.	Avaliación do plan	24
5.	Difusión do plan.....	24

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- Código de centro: 15026029
- Denominación: IES Isaac Díaz Pardo
- Localización: Rúa A Lagoa, 19. 15160 Sada (A Coruña)
- Teléfono: 881880942
- Fax: 881880946
- Correo electrónico: ies.isaac.diaz.pardo@edu.xunta.gal
- Páxina web: edu.xunta.gal/centros/iesisaacdiazpardo
- Oferta educativa:
 - Educación Secundaria Obrigatoria
 - Bacharelato: Modalidade Ciencias e Modalidade Humanidades e Ciencias Sociais
 - Educación Secundaria de Adultos: Módulo 3 e Módulo 4.
- N° de alumnado: 593
- N° de profesorado: 51

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro

Sada é un concello densamente poboado cun crecemento de poboación continua e de tendencia constante, debido á chegada de persoas procedentes doutros municipios e de persoas inmigrantes que se instalan no concello. Conta a 1 de xaneiro de 2019 con 15.841 habitantes, 346 máis ca no ano 2018.

A nivel económico, segundo os datos publicados polo Ministerio de Hacienda a renda bruta media no concello en 2017 foi de 26.787 €, 1.092 € máis ca no ano 2016, situándose entre os municipios con maior renda bruta media na comunidade autónoma.

Segundo os datos publicados polo SEPE no mes de novembro de 2019 o número de parados descende en 21 persoas, situándose en 927, dos que 404 son homes e

523 mulleres. O grupo de idade máis afectado polo paro é o de maiores de 45 anos, sendo o sector servizos o que concentra maior número de parados.

A actividade empresarial é reducida. O número de empresas por actividade representa o 1,27% en relación co total da provincia (IGE 2017). O 75,74% da actividade empresarial concéntrase no sector servizos.

Algúns colectivos de inmigrantes veñen acompañados da súa familia, integrándose na comunidade e rexentando os seus propios negocios.

A principal fortaleza derivada do exposto a constitúe o enriquecemento derivado da interculturalidade. As dificultades derivan do diferente nivel competencial do alumnado, en especial a competencia en comunicación lingüística.

Por último, en canto ao aspecto sociocultural, os datos extraídos do proxecto lingüístico do centro indican que o 52% do alumnado do centro naceu na Galicia urbana, fronte a un 27% no rural e un 21% fóra de Galicia (provén maioritariamente de países castelán falantes), feito que pode determinar a presenza do castelán como lingua materna da maioría dos proxenitores (o 32% empregan as dúas linguas).

O alumnado ten, en xeral, unha consideración positiva sobre o galego. No ámbito académico non ten prexuízos e empregará unha ou outra lingua dependendo da que teña un uso vehicular na aula. No ámbito do profesorado, aínda que a tendencia é empregar o castelán maioritariamente, hai un respecto pola lingua galega; o profesorado é bastante competente nela e carece de prexuízos para falar en galego cando o contexto é propicio. As familias teñen unha boa competencia en lingua galega e valoran positivamente que os seus fillos tamén a teñan.

No ámbito familiar, no educativo e cos amigos, a lingua empregada, en xeral, é o castelán. O ámbito académico non actúa como transmisor do idioma xa que a maioría do profesorado diríxese ao alumnado maioritariamente en castelán.

Integración e contribución do PD ao Proxecto Educativo

O centro ten dende fai moito tempo un claro compromiso coa Educación Dixital. Incorporouse ao Proxecto Abalar durante no curso 2010/11 e ao Proxecto E-Dixgal no curso 2017/2018. No curso 2020/2021 o centro ampliou a súa participación no Proxecto E-Dixgal a toda a ESO e maior parte das materias.

Coa colaboración co Centro de Formación e Recursos da Coruña, dende o ano 2017/2018 unha das liñas do PFPP sempre tratou as novas tecnoloxías (Integración didáctica das TIC, Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais, Educación dixital; Iniciativas no ámbito *STEAM*, Desenvolvemento do *Espazo Maker* e Club de Ciencia, etc.)

O centro ofrece ao seu estudiantado materias curriculares STEM: "Programación" 1º, 2º ESO, "Robótica" 1º Bacharelato.

Hai unha participación activa en Programas e Proxectos de Innovación Educativa: Plan Proxecta dende o curso 2012/13 ata o curso 2018/19; Contratos Programa dende o 2011; Programa Coruña Emprende e Lanzadeiras, dende o curso 2014/15; Congreso FP Innova Galicia, dende o ano 2017, cos proxectos seleccionados nas convocatorias Lanzadeiras; Espazo Maker dende o curso 2018/19; Club de Ciencia dende o curso 2019/20.

Hai un esforzo por parte do equipo directivo e claustro en manter actualizadas a páxina web e aula virtual do centro.

Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23

Neste Plan Dixital inclúese como obxectivos a formación do profesorado en certos aspectos (como se pode ver na sección 3.1). Esta formación realizarase como parte dun parte do Proxecto de Formación Permanente do Profesorado do noso centro e polo tanto terá que figurar na Programación Xeral Anual do curso próximo.

Neste documento xa leven figurando algúns anos algúns aspectos relacionados co Plan Dixital como pode ser a participación no proxecto E-Dixgal.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do presente documento seguíronse os pasos promovidos polo equipo de mentores ADIX.

En primeiro lugar levouse a cabo unha recollida de información sobre o estado actual do centro en canto a uso das novas tecnoloxías. Para isto empregáronse dúas ferramentas provistas pola Consellería e comúns a toda a Unión Europea: SELFIE e o Test de Competencias Dixitais Docentes (SELFIE for Teachers).

Estas enquisas foron realizadas polo alumnado durante o período lectivo nas diferentes aulas do IES coa axuda dos integrantes do equipo de Coordinación do Plan Dixital. En canto ao profesorado e ao equipo directivo, realizaron as enquisas de forma independente a partir das ligazóns que lles foron enviadas por correo.

Unha vez recollida a información e baseándose nela e no coñecemento sobre as dinámicas e a situación do centro elaborouse unha análise DAFO que nos permitise ter condensado aspectos de mellora e aspectos a manter.

Cos ditos aspectos en mente elaboramos un Plan de Acción con un total de 5 obxectivos que acadar durante o curso escolar 2022/2023.

Por último reuníronse todos os documentos anteriormente citados neste presente documento e complementouse con información sobre o contexto e o estado actual do centro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura dixital

Existe conectividade a internet e o centro está cableado para ter nas aulas tanto conexión cableadas como conexións sen fíos. Tamén temos

Equipamento dispoñible

Durante este pequeno inventario intentouse concretar a presenza ou non de ordenadores, proxectores e pantallas dixitalizadoras tanto nas aulas como noutros departamento.

Aulas Dixitalizadas

- **Aulas ordinarias:** A totalidade das aulas ordinarias do centro están dixitalizadas e teñen o seu portátil, proxector e pantalla dixital. Todo o

equipamento foi proporcionado pola Consellería a excepción dun ordenador e dun proxector ultracurto nunha das aulas.

- **Aulas de de desdobre e aulas materia:**

Espazo	Ordenador	Proxector	Pantalla Dixitalizadora
4 Aulas de desdobre	Centro e Consellería (2008 e 2011)	Centro e Consellería (2008)	Non
2 Aulas de debuxo	Non	Consellería (2008)	Non
Aula de música	Centro	Consellería (2008)	Non
Aula de francés	Centro	Centro	Non
Aula de apoio	Consellería (2009)	Centro	Non
Aula de tecnoloxía	Centro	Centro	Non
Laboratorio de Bioloxía	Consellería (2008)	Centro	Non
Laboratorio de Xeoloxía.	Centro	Consellería (2008)	Non
Laboratorio de Física	Centro (2020)	Consellería (2008)	Non
Laboratorio de Química	Consellería (2011)	Consellería (2008)	Non
Pavillón	Centro	Centro.	Non

Proxecto educación dixital E-Dixgal

O proxecto E-Dixgal está en funcionamento en todos os cursos da ESO e na maior parte de materias. Cada alumno ou alumna da ESO ten o seu ordenador para empregar no centro e na súa casa e o profesorado ten dereito a solicitar a cesión dun portátil.

Postos/Equipos de traballo de xestión administración de centro

Existe equipamento nos despachos de conserxería, administración, secretaría, dirección, vicedirección, xefatura de estudos e xefatura de estudos de adultos. Os equipos destes despachos non foron proporcionados pola Consellería. O equipo de Conserxería está moi desfasado (ano 2011).

Equipos Biblioteca

Na biblioteca hai dous ordenadores para a xestión de préstamos e o resto de traballo do equipo de biblioteca. Estes ordenadores están moi obsoletos (non foi posible determinar o ano pero un deles recomenda instalar Windows Vista, así que é anterior a 2009 e o outro ten instalado un procesador Intel Pentium e é moito máis vello).

Equipos na biblioteca

Non se dispoñen de ordenadores para o alumnado na biblioteca.

Equipos na sala de profesorado e departamentos

Nunha sala anexa a sala de profesorado hai 7 equipos. 5 non foron proporcionados pola Consellería (ano 2012) e 2 si (ano 2007). Ditos equipos están obsoletos.

Ademais, hai ordenadores nos departamentos de Debuxo/Filosofía, Latín/Tecnoloxía, Lingua Castelá (Consellería 2011). Non hai ordenadores no departamento de Ciencias.

Equipos ultraportátiles para aula móbil

Non hai equipos ultraportátiles para aula móbil.

Aula/s TIC

Hai dúas aulas TIC con ordenadores mesturados entre os proporcionados pola Consellería como os adquiridos polo Centro/ANPA.

Dotacións de proxectos específicos

- **Espazo maker:** Hai equipamento vario tanto aportado pola Consellería como dotación do espazo maker como comprado polo centro co gañado en algúns concursos.
- **Convivencia:** Hai un ordenador comprado polo centro (anterior a 2011).

Servizos dixitais educativos

O centro conta con páxina web e empregase de forma frecuente os distintos servizos educativos que prove a Consellería de Educación. Exemplos destes servizos son, para a xestión do alumnado, XADE; como aula virtual, o Moodle do centro e o EVA EDIXGAL, para comunicarse coas familias o espazoAbalar, para comunicarse co profesorado o correo corporativo, etc.

Xestión do mantemento do equipamento do centro

O mantemento do equipamento EDIXGAL é levado a cabo polo Servizo Premium da consellería. Hai incidencias que xestiona tamén a Unidade de Atención a Centros. Por último, o centro ten contratado un técnico informático que xestiona o

mantemento do equipamento non EDIXGAL (aulas de Bacharelato, aulas de informática, administración, etc.).

Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:

- Plan de Educación Dixital: na web do centro.
- Proxecto de Xestión de Recursos: na web do centro.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a realización da análise DAFO, empregáronse os resultados das enquisas realizadas tanto polo alumnado (SELFIE) como polo profesorado (SELFIE e test CDD). Tamén se usou, lóxicamente, o coñecemento empírico que ten o equipo de elaboración do presente documento sobre o contexto do centro e as relacións que existen con outras institucións.

Autoavaliación SELFIE

O test SELFIE foi realizado tanto polo alumnado como polo profesorado durante a primeira quincena de decembro. A participación do equipo directivo nesta enquisa foi practicamente do 100%, no caso do alumnado a participación estivo preto do 90% e en canto ao profesorado, obtívose unha participación do 70% na ESO e do 50% en Bacharelato. Nas seguintes táboas pódese observar os resultados acadados nestas enquisas:

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		ESO	Bacharelato
A -Liderado	Equipo Direct.	3,8	4
	Profesorado	3,8	3,7
	Alumnado	NA	NA
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,6	3,4
	Profesorado	3,1	3,2
	Alumnado	3,1	2,2
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,3	4,3
	Profesorado	4	3,8
	Alumnado	4	2,8
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,6	4,4
	Profesorado	3,9	3,8
	Alumnado	NA	NA
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,5	4,5
	Profesorado	4,2	4,2
	Alumnado	4,1	3,8
F- Pedagogía:	Equipo Direct.	3,9	4

Implementación na aula	Profesorado	3,3	3,2
	Alumnado	3,3	2,9
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,8	3,9
	Profesorado	3,2	2,8
	Alumnado	3,2	2,3
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,8	3,9
	Profesorado	3,6	3,5
	Alumnado	3,4	2,6

Test CDD

O test de Competencias Dixitais Docentes foi realizado polo profesorado durante o mes de febreiro. Nas seguintes táboas pódese observar tanto o grao de participación do profesorado como os resultados acadados.

Participación segundo perfil do profesorado (1.3)

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	18	35	51,4%
PROVISIONAL	6	7	85,7%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	5	8	62,5%
DESPRAZADO	3	7	42,9%

Puntuación e nivel de competencia do centro (2.1)

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
78,8	Integrador/a (B1)	76,5	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas (2.2)

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	78,9	Integrador/a (B1)	79,3	Integrador/a (B1)
BAC	78,1	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
F.P	75,8	Integrador/a (B1)	75,9	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis (2.3)

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	3%
A2	7	21,2%
B1	17	51,5%
B2	8	24,2%
C1	0	0%

C2	0	0%
TOTAL	33	

Outras fontes

Como fontes adicionais para a realización do DAFO tivemos en conta o coñecemento que o equipo de coordinación do Plan Dixital tiña sobre o contexto do centro e a súa relación con outras institucións.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o realizouse unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

Internos

		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS- EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> (C1) Temos unha infraestrutura de rede adecuada. (C2) Temos equipamento de aula (portátil/proxector/pantalla) para o seu uso na ensinanza. (C3) No noso centro facilítase unha conexión a internet a todo o profesorado e o alumnado da ESO. (C4) O centro dispón de asistencia técnica. (C14) Temos espazos para facilitar a ensinanza con dispositivos dixitais. O centro ten a disposición do profesorado un escáner automático que axiliza a dixitalización de documentos. O centro ten a disposición do profesorado varias cámaras web para poder impartir clase a distancia. 	<ol style="list-style-type: none"> (C3) O alumnado de bacharelato que emprega o seu teléfono móbil na aula con fins didácticos ten que empregar a súa conexión de datos. O equipamento de aula (portátil e proxector) tanto das aulas E-DIXGAL como das outras comeza a estar vello e a fallar. Tamén sucede o mesmo co equipamento presente en conserxería e na sala de ordenadores anexa a sala do profesorado. Acumulación de equipamento vello e sen empregar en diversos almacéns do centro. Poucas tomas de conexión eléctrica na sala do profesorado para que os profesores poidan conectar os seus ordenadores persoais. Falta de ordenadores para algúns espazos do centro (aulas de debuxo, etc.) onde se imparte clase de forma frecuente.

PERSONAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. (B4) Existe un debate dentro do profesorado para o uso das novas tecnoloxías na docencia. 2. (D1) O profesorado debate sobre as súas necesidades de formación sobre o uso de novas tecnoloxías na educación. 3. (D2) O profesorado ten a súa disposición formación sobre novas tecnoloxías. 4. (E1) O profesorado é quen de buscar recursos educativos en liña. 5. (E3) O profesorado emprega contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado. 6. (E4) O profesorado emprega tecnoloxías dixitais para a comunicación coas familias e co alumnado. 7. (F1) O profesorado emprega tecnoloxías dixitais para adaptar o seu método de ensino-aprendizaxe ao alumnado. 8. (CDD) O profesorado obtivo unha nota media algo superior a media galega. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. (F6) Ausencia de proxectos interdisciplinares sobre todo en BAC. 2. (G5-G6) Pouco uso da autoavaliación e a coavaliación mediante tecnoloxías dixitais. 3. (CDD) Un cuarto do profesorado considera que está no nivel Principiante (A1) ou explorador (A2). 4. (CDD) Pouco uso de tecnoloxías emerxentes. 5. (E4) O sistema de comunicación coas familias é bastante pobre coa imposibilidade de anexar documentos. 6. (E4) Parte do persoal do departamento de Orientación (orientadora, PTs) non pode comunicarse directamente coas familias a través de Abalar. 7. Ausencia de formación de parte do persoal docente en canto ao uso de certos recursos que ofrece a aula virtual.
PERSONAL NON DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Presenza de Auxiliares de Conversa no centro que polo xeral son persoas xoves familiarizadas co uso das novas tecnoloxías. 2. A conserxería e persoal administrativo do centro dispón de equipamento informático actualizado. 3. O persoal non docente do centro colabora no bo desenvolvemento das actividades e actúa as veces de nexo entre o alumnado e o profesorado. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Parte do persoal non docente non ten activado o enderezo de correo corporativo e polo tanto non ten acceso a algún dos servizos da Consellería (WiFi, baixas, etc.) 2. As comunicacións efectuada polo persoal non docente (conserxería, secretaría) adoita ser por medios non tecnolóxicos.
ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> 1. (H10) O alumnado desenvolve habilidades dixitais en todas as materias. 2. (H8) O alumnado ten a habilidade de comunicarse co profesorado e cos seus compañeiros e compañeiras a través de tecnoloxías dixitais. 3. Unha importante parte do alumnado ten certa habilidade na creación de contidos dixitais que desenvolve no seu tempo de lecer. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. (H6) Parte do alumnado considera que non aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atopan en internet. 2. (H11-H13) Parte do alumnado considera que non aprende a programar nin a resolver problemas técnicos que xorden ao empregar tecnoloxías dixitais. 3. O alumnado emprega equipamento tecnolóxico tamén no seu tempo de lecer e ás veces non sabe separar os diferentes usos. 4. (B4) Non se debaten co alumnado as vantaxes e desvantaxes de uso das novas tecnoloxías.

FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> 1. A maior parte das familias dispoñen de dispositivos TIC nos seus fogares. 2. A maior parte das familias dispón de acceso de calidade a Internet nos seus fogares. 3. A maior parte de familias está implicadas no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos e fillas. 4. As familias son quen de consultar as notas do alumando dende a plataforma ABALAR. 5. (C13) O alumnado de BAC ten móbiles propios que pode traer ao centro e empregar, cando o profesorado o solicita, de forma didáctica. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Pouca porcentaxe de contratación do seguro do equipamento EDIXGAL e polo tanto dificultades a hora de reparar os equipos con problemas. 2. Moitas familias non son dixitalmente competentes e teñen problemas á hora de empregar os aplicativos informáticos de educación.
OFERTA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aposta do centro polo proxecto E-DIXGAL. 2. Alta participación e compromiso do Club de Ciencia, Espazo Maker, Equipo de Biblioteca e Equipo de Dinamización da Lingua Galega que ofertan actividades en paralelo ás clases. 3. Posibilidade de cursar algunha materia optativa de TIC en todos os cursos. 4. Existencia do servizo de Transporte Escolar. 5. O catálogo da biblioteca está dixitalizado. 6. A biblioteca ten un lector de código de barras para facilitar o rexistro dos exemplares no catálogo e o préstamo e devolución dos mesmos. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. A comunicación das actividades complementarias ofertadas faise de forma non tecnolóxica. 2. O centro non fai uso das redes sociais para promocionar as actividades. 3. Non é doada a consulta por parte da comunidade educativa do catálogo da biblioteca do centro a través de internet.
DO CENTROORGANIZACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. (A1) Existencia dunha estratexia dixital traballada xunto ao profesorado. 2. Uso maioritario das aulas virtuais oficiais da consellería (EVA E DIXGAL e aula virtual do centro). 3. O centro almacena certos informes e documentos de forma dixital. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Hai documentos de uso cotiá que non están dixitalizados ou a disposición do persoal do centro de forma sinxela (tarefas do libro de gardas, horarios de profesorado e alumnado, etc.). 2. Determinados informes e partes (de faltas do profesorado, de condutas, etc.) non poden ser entregados de forma dixital. 3. (A1) Algúns aspectos da estratexia dixital do centro non están plasmados de forma escrita nun documento.

Externos

		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	EDUCATIVAADMINISTRACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Esfuerzo por parte da administración educativa de dixitalización dos centros. 2. (C8-C10) O alumnado da ESO ten dispositivos dixitais propiedade da Administración Educativa (E-DIXGAL) para poder empregar na aulas e levar a casa. 3. (C4) A administración educativa prove de asistencia técnica para o equipamento EDIXGAL. 4. A velocidade de a que se solucionan as incidencias cos equipos tende a ser alta. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. (A4) Insuficiente tempo para que os docentes poidan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital. 2. Baixa calidade dalgún libro de texto da plataforma E-DIXGAL. 3. A plataforma ABALAR non permite as familias enviar mensaxes ao titor/a.

LEXISLACIÓN		<p>1. O marco lexislativo está en constante cambio e resulta inabarcable para a maior parte da comunidade educativa.</p> <p>2. Os cambios lexislativos pode causar que o material proposto en E-DIXGAL estea desactualizado e que esta actualización non sexa inmediata.</p> <p>3. O currículo é demasiado extenso nalgunhas materias e non permite en ocasións traballar as TIC como elemento transversal.</p>
CONTORNA	<p>1. Existencia dunha ANPA.</p> <p>2. Boa disposición da ANPA para colaborar coas necesidades do centro (fondo de libros, material, etc.)</p>	
ANPA	<p>1. A contorna ten en xeral unha cobertura de conexión a internet nos fogares moi alta.</p> <p>2. Existencia dun establecemento dentro da Rede de puntos físicos de atención no Concello contiguo.</p> <p>3. Existencia dunha aula CeMIT no concello de Sada para a formación da comunidade educativa (sobre todo ás familias).</p>	
OUTRAS ENTIDADES	<p>1. Colaboración co Concello para axudar a cubrir as necesidades do centro.</p> <p>2. Colaboración coas Universidades Galegas e outras asociacións a hora de programar charlas e outras actividades para o alumnado.</p> <p>3. Participación en programas do Plan Director do Ministerio de Interior relacionados coas TIC (ciberacoso, redes sociais, etc.)</p> <p>4. O Concello de Sada fai unha programación de actividades para as persoas xoves.</p>	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a escolla dos obxectivos a acadar nesta primeira versión do Plan Dixital, o equipo coordinador da elaboración do mesmo mantivo unha reunión na que, tendo en conta a análise DAFO, escolleu unha serie de obxectivos para a súa realización no curso próximo.

Nesta escolla tívose en conta que fosen realizables nun curso académico e que realmente aportasen un cambio na competencia dixital do centro. Seguiuse polo tanto a estratexia SMART (específicos, medibles, acadables relevantes e temporalizables) promovida polos equipos de mentores ADIX. Enmarcamos cada obxectivo nunha área de mellora do marco DigCompOrg.

Para sermos quen de establecer o valor de partida destes obxectivos realizamos unha breve enquisa onde preguntabamos sobre o coñecemento do curso “Educación Dixital para o profesorado” e sobre o uso de certas tecnoloxías dixitais que queremos promover no curso próximo.

Nas seguintes táboas podemos ver tanto o obxectivo procurado como os pasos que deseñamos para acadalos. Tamén se incorpora unha temporalización e un xeito de avaliar os ditos obxectivos.

Obxectivo 1

"Área/s de mellora": Desenvolvemento profesional continuo (D)						
OBXECTIVO (1):	Empregar o curso de Moodle "Educación Dixital para o profesorado" como espazo de formación para o profesorado do centro e o de nova incorporación.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe do profesorado que coñece o dito espazo (enquisa ao final do curso)					
Valor de partida (3)	40%					
Valor previsto e data (4)	90%				30/05/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Incorporar os ditos espazos aos protocolos de incorporación de novos docentes.	Equipo directivo	20/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Matricular neste espazo a todo o profesorado.	Coordinador EDIXGAL	30/09/2022	Aula virtual e EVA EDIXGAL		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Ampliar do espazo de formación para o profesorado.	Coordinación EDIXGAL	16/12/2022	Aula virtual. Aula aberta EDIXGAL.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Obxectivo 2

"Área/s de mellora": Competencias dixitais do alumnado (H)						
OBXECTIVO (1):	Empregar o curso de Moodle "Educación Dixital para o alumnado" como espazo de formación para o alumnado do centro e o de nova incorporación.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe do alumnado que coñece o dito espazo (enquisa ao final do curso)					
Valor de partida (3)	5%					
Valor previsto e data (4)	75%			30/05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A02.1: Incorporar os ditos espazos aos protocolos de incorporación de novos alumnos e alumnas.	Equipo directivo	15/9/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Matricular a todo o alumnado neste espazo.	Coordinador EDIXGAL	30/9/2022	Aula virtual e EVA EDIXGAL		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Difundir a existencia deste espazo entre o alumnado.	Titorías	30/20/2022	Aula virtual e EVA EDIXGAL		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Obxectivo 3

"Área/s de mellora": Pedagogía: implementación na aula (F)						
OBXECTIVO (1):	Empregar o software Epointes para controlar o uso do ordenador na aula				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador EDIXGAL				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe do profesorado que emprega Epointes (enquisa ao final de curso).					
Valor de partida (3)	15%					
Valor previsto e data (4)	50%			30/05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: Crear grupo de traballo sobre o uso de Epointes	Coordinación EDIXGAL	30/09/2022	Email.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Reunir o grupo de traballo e formar sobre o uso do software	Coordinación EDIXGAL	15/10/2022	Aula. Ordenadores de aula		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Configurar as aulas para empregar este software.	Grupo de traballo	30/10/2022	Ordenadores do alumnado. Equipo de aula.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.4: Elaborar material accesible para formar ao	Coordinación EDIXGAL	30/11/2022	Aula virtual do centro. Aula aberta EDIXGAL		Realizada	
					Aprazada	

profesorado e publicalo no espazo de formación do profesorado.					Pendente	
A03.5: Difundir o dito material.	Equipo directivo	10/12/2022	Email.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.6: Apoiar ao profesorado ao longo de todo o curso.	Coordinación EDIXGAL	30/05/2023	Sala de ordenadores (profesores). Aula virtual.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Obxectivo 4

"Área/s de mellora": Colaboración e redes (B)						
OBXECTIVO (1):	Empregar o caderno de contactos da aplicación corporativa Webmail.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe do profesorado que emprega o caderno de contactos. (enquisa ao final de curso)					
Valor de partida (3)	30%					
Valor previsto e data (4)	60%			30/05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Crear material de formación e e subilo ao espazo de formación do profesorado.	Coordinador EDIXGAL	25/09/2022	Aula virtual do centro. Manuais do Webmail.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Elaborar libro de contactos cos contactos do profesorado.	Equipo directivo	30/09/2022	Aula virtual do centro. Manuais do Webmail.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Difundir o dito material.	Equipo directivo	30/09/2022	Email.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Obxectivo 5

"Área/s de mellora": Prácticas de avaliación (G)						
OBXECTIVO (1):	Usar o libro de cualificacións das aulas virtuais para transmitir e almacenar as cualificacións do alumnado.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador EDIXGAL				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe do profesorado que emprega o libro de cualificacións.					
Valor de partida (3)	15%					
Valor previsto e data (4)	50%			30/05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A05.1: Creación de grupo de traballo para aprender a mellorar o libro de cualificacións.	Coordinador EDIXGAL	30/09/2022	Email.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Creación de material para aprender e subilo ao espazo de formación do profesorado.	Coordinador EDIXGAL	30/10/2022	Aula virtual. Manuais Moodle. Manuais EVA EDIXGAL.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3: Difundir o dito material.	Equipo directivo	15/11/2022	Email. Aula Virtual.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A05.4: Xornada de formación e axuda para configurar cada materia.	Grupo de traballo. Coordinador EDIXGAL	15/12/2022	Aula informática.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.5: Apoiar ao profesorado ao longo do curso.	Coordinación EDIXGAL	30/05/2023	Sala de ordenadores (profesores). Aula virtual.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Tendo en conta o visto na Sección 2.1, no centro hai un importante número de carencias debidas a non existencia de algún equipamento que consideramos necesario e ao obsoleto que está unha importante porcentaxe do equipamento. Tendo en conta isto establecemos na seguinte lista unha serie de necesidades por orde do que se considera prioritario:

- **Dixitalización dos desdobres e de aulas materia:** serían un total de 9 aulas (4 aulas de desdobres, 2 aulas de debuxo, 1 aula de francés, 1 aula de apoio e 1 no pavillón) nas que se precisa ordenador, proxector e pantalla dixitalizadora.
- **Ordenadores de biblioteca:** precisamos renovar os 2 ordenadores de xestión da biblioteca.
- **Ordenadores para uso do profesorado:** precisamos renovar os 7 ordenadores presentes na sala anexa.

4. Avaliación do plan

Realizarase unha **avaliación procesual** do estado de implementación do plan de acción ao final de cada trimestre. Neste punto analizaranse que accións xa están realizadas e faranse, de ser necesarias, modificacións nas accións a desenvolver nas seguintes avaliacións.

Ao final de curso levarase a cabo unha **avaliación final** na que se indicará a consecución ou non dos obxectivos, propostas de mellora para os mesmos e proposta de obxectivos a acadar no curso seguinte.

5. Difusión do plan

- Información e aprobación en reunión ordinaria de Claustro e Consello Escolar, celebradas o 15 de xuño de 2022.
- Publicación na páxina web do centro *Documentos do Centro*.